

Colección: Fondo: Valentín Paz-Andrade no seu arquivo persoal
Ficha documental da epistola de Valentín Paz-Andrade, a Virxinia Pereira Renda do
19/06/1951

Colección:

Data: 19/06/1951

De:

Valentín Paz-Andrade;

Para:

Virxinia Pereira Renda;

Orixe:

Vigo (municipal), Vigo (comarcal), Pontevedra (provincial)

Destino:

Bos Aires (de cidade autónoma), Arxentina (nacional), América (continental)

Ficha descriptiva:

[Carta mecanografada]

Localización física:Arquivo Valentín Paz-Andrade

Mencionados:

Castelao; Xosé Filgueira Valverde; Clemencia Elisa Pereira Renda; Josefina Rodríguez Castelao;



[VER O DOCUMENTO ORIXINAL](#)

Transcripción da epistola de Valentín Paz-Andrade, a Virxinia Pereira Renda do 19/06/1951

VIGO, 19 San Johan 1951.

Inesquecente Virxinia:

Recibimos as súas derradeiras cartas. Quero contestar axiña no referente ao asunto dos bens de Daniel (q.e.p.d.), pois maxino a ansiedade de Vde.

Como xa sabe había orde de os subastar, por consecuencia do expediente de responsabilidades políticas. Consiguese que o Xuzgado informara a Madrid no senso de que non tiña valor apreciable, dado o tempo transcurrido e o almacenamento en ruins condicións. Entón desistiron, mais adxudicándose ao Museo de Pontevedra os cadros alí depositados, cuios resguardos obran en poder de Clemencia. Así resulta d-un edicto publicado no Boletín Oficial da provincia.

Non puiden falar con Filgueira d-este aspecto do asunto, a pesar de tentál-o varias veces, mais teño entendido que fixo manifestacións de que se trataba d-unha adxudicación simbólica, e que sempre estarían as obras en dispor de quen tivera dereito a elas. Agardando topál-o un día en Pontevedra e comunicar denantes a Vde. o resultado da conserva, de acordo con Clemencia, abstúveme pol-o d-agora de facer uso do poder, pra reclamar en terceria a metade da obra que fixo durante o matrimonio, pois pertenece legalmente a Vde. Así están as cousas, e coido poderlle decir máis dentro de pouco tempo.

Josefina estivo en Pontevedra, falou con Ramón Otero e con Baltar. Non sei, pro sospeito, que recolleu algunha cousa das que toparon na casa. Tamén estivo en Vigo e veu a verme, mais en concreto nada me dixo das cousas que puidera ter recollido, limitándose a falar dos bens de Rianxo, que tamén foran embargados.

Teño estado no Banco de España, en Pontevedra, c-os resguardos que Clemencia me falcilitóu. Por efecto da mesma responsabilidade venderon a metade dos valores, que estaban ao parecer en depósito indistinto a nome de Vde. e d-el. O saldo que deixaron pouco máis debe ser de 12.000 ptas., que a Clemencia parece moi pequeno. Teño combinado con ela que me acompañe un día a Pontevedra, pra aclarar no Banco as cifras e exprorar por si hubiera algunhos outros valores.

De momento e canto lle podo informar.

Como hoxe teño que saír para Madrid, onde estaréi o resto da semán, a volta irei a Pontevedra e procuraréi ampliar a información d-esta carta.

Sara está xa totalmente repostada e Clemencia tamén atópase ben.

Alfonsiño e Pilar envíanlle as máis acesas saudades, co mais fondo afecto do seu sempre incondicional,

Lembranzas aos Prada, Puente, Silva e demais amigos.

Aviso legal do Consello da Cultura Galega

A difusión dixital deste epistolario e os seus contidos, textos e calquera creación intelectual existente nesta edición están protexidos pola lexislación en materia de propiedade intelectual.

De conformidade co previsto na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, sobre protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, quen entenda que os contidos deste epistolario poidan supor unha intromisión ilexítima nos seus dereitos deberá poñelo en coñecemento do Consello da Cultura Galega a fin de adoptar, de ser o caso, as medidas oportunas.

O acceso e uso da edición dixital do Epistolario implica o coñecemento e plena aceptación destas condicións.

Colección "Fondo Fundación Luís Seoane":

A difusión dixital deste epistolario realízase ao abeiro do convenio suscrito polo Consello da Cultura Galega e pola Fundación Luís Seoane con data 4 de decembro de 2008, polo que ambas as dúas institucións comparten a súa titularidade.

A Fundación Luís Seoane, como única depositaria do legado deste persoeiro galego, é a propietaria das cartas deste epistolario, que está integrado tanto pola correspondencia recibida por Luís Seoane como pola remitida por el a outros destinatarios.

Consultas e colaboracións:

Se posúes ou coñeces a existencia de fondos epistolares ou se consideras algunha suxestión sobre as cartas agradecemos a túa colaboración en epistolarios@consellodacultura.gal ou no teléfono 981957208.